

A **CABEZA** é de tamaño pequeno, de perfil fronto-nasal xeralmente recto, tendendo ao subcóncavo, xeralmente desprovista de cornos nas femias e, de telos, de carácter rudimentario; nos machos son máis habituais e neste caso predominan os de espiral dobre.

A **FRONTE** é ancha, a cara alongada e estreita, destacando o nariz alongado e o fociño fino. É unha característica xeneralizada a presenza de moña.

As **ORELLAS** son de tipo medio e horizontais.

O **PESCOZO** é pouco musculoso e de lonxitude mediana.

As **EXTREMIDADES** son moi finas, espidas e ben apromadas.

O **VÉLARO** é abundante, cobre o tronco e esténdese como máximo ata as articulacións carpianas e tarsianas, así como ata o pescozo e parte da cabeza. O vélaro é de tipo entrefino ou basto.


A liña **DORSO-LUMBAR** é recta ou lixeiramente ascendente cara á cruz dos cadrís.

A **CRUZ DOS CADRÍS** é curta e algo caída.

A **PEL** é de grosor medio e sen pregamentos.

O **RABO** é moi longo, de nacemento baixo, o que lle dá un aspecto característico a esta raza.

O **TRONCO** é estreito e de medianas proporcións.



As **MAMAS** están bastante desenvolvidas en proporción ao tamaño do animal.

- A **COR** do vélaro é branca ou negra uniforme, non obstante, poden verse exemplares que presentan manchas irregulares e inconstantes na cabeza e nos membros de cor castaña a vermella.
- A **ALZADA** media é de 57 cm nas femias e 67 cm nos machos, e o **PESO** medio é de 35 kg nas femias e 50 kg nos machos.